



O VERBO



"Accións" (CC0)



ÍNDICE

O VERBO

1. O VERBO.....	1
1.1 Número e persoa.....	1
<i>Exercicios</i>	1
1.2 Tempo.....	2
<i>Exercicios</i>	2
1.3 O modo.....	3
<i>Exercicios</i>	3
1.4 O aspecto.....	4
<i>Exercicios</i>	4
1.5 A voz.....	5
<i>Exercicios</i>	5
1.6 As formas verbais non persoais.....	6
<i>Exercicios</i>	6
1.7 As conxugacións.....	6
<i>Exercicios</i>	7
1.8 Constituíntes do verbo.....	7
<i>Exercicios</i>	7
SOLUCIÓN.....	9



1. O VERBO

Es consciente da cantidade de accións que levas a cabo ao longo de toda unha xornada? Erguerse, almorzar, estudar, traballar, soñar... Pois todas elas se expresan a través de verbos. Así pois, **os verbos son palabras que che indican o que fai ou como está algo ou alguén.**

1.1 Número e persoa

O verbo concorda en número e persoa co suxeito que realiza a acción. Así pois, as formas verbais que empregas no teu día a día poden estar en **1ª, 2ª ou 3ª persoa** do **singular** ou do **plural**.

- **1ª persoa:** persoa que fala. *Eu **canto**, Nós **cantamos**.*
- **2ª persoa:** persoa á que se fala. *Ti **cantas**, Vós **cantades**.*
- **3ª persoa:** persoa ou cousa da que se fala. *Ela/el **fala**, Elas/eles **falan**.*
- O **singular** fai referencia a unha **acción realizada por unha persoa**, mentres que o **plural** fai referencia a unha **acción realizada por varias persoas**.

Número e persoa	Pronomes persoais / Suxeito	Formas verbais
1ª persoa do singular	Eu	canto
2ª persoa do singular	Ti	cantas
3ª persoa do singular	Ela/El	canta
1ª persoa do plural	Nós	cantamos
2ª persoa do plural	Vós	cantades
3ª persoa do plural	Elas/Eles	cantan



EXERCICIOS

Exercicio 1

Subliña os verbos das seguintes oracións e **clasifícaos** na seguinte táboa **segundo a persoa e o número**:



- Fostes ao parque de atraccións e eu tamén quería ir.
- As miñas amigas estudaron moito.
- Olga fixo un pastel de chocolate para todos.
- Queres croquetas ou prefires tortilla?
- Rematamos antes ca ninguén.
- Raúl e Alicia teñen 84 anos.

Número e persoa	Verbos
1ª persoa do singular	
2ª persoa do singular	
3ª persoa do singular	
1ª persoa do plural	
2ª persoa do plural	
3ª persoa do plural	

1.2 Tempo

Co tempo expresas **cando se realiza a acción** do verbo con respecto ao momento actual. O galego conta con varios tempos verbais, entre os que se poden destacar os seguintes:

- **Presente. Acción** que ocorre **no momento actual**. *Eu **escribo** unha carta.*
- **Pasado. Acción** que ocorreu **con anterioridade**. *Eu **escribín** unha carta.*
- **Futuro. Acción** que aínda **vai ocorrer**. *Eu **escribirei** unha carta.*



EXERCICIOS

Exercicio 2

Subliña os verbos presentes nas seguintes oracións e **indica o tempo** no que está cada un:



- Mañá irei ao supermercado. **Tempo**
- Tamara e Paula van a Madrid en tren. **Tempo**
- Elas escoitaron un ruído. **Tempo**
- Chegastes tarde a todas as clases do curso. **Tempo**
- Eran as 19:00h cando chegaches ti. **Tempo**
- Neste edificio vai calor. **Tempo**

1.3 O modo

O modo indica a **actitude da e do falante con respecto á acción** que está a describir. Así pois, a través do modo a ou o falante expresa as súas intencións. Tes á túa disposición tres modos:

- **Indicativo.** Empregas este modo para expresar **accións que son reais**, isto é, feitos que ocorreron, ocorren ou van ocorrer.
 - *Como pan todos os días.* **Acción real e habitual.**
 - *En Semana Santa viaxaremos a Madrid.* **Acción futura.**
 - *O verán pasado fomos á praia quince días.* **Acción pasada.**
- **Subxuntivo.** Empregas este modo para expresar **accións que non son reais**, senón que están ligadas ao desexo, á hipótese, á dúbida, á condición etc.
 - *Se chovese, estudaría mellor.* **Acción hipotética.**
 - *Oxalá comamos algo que estea boísimo.* **Acción ligada a un desexo.**
- **Imperativo.** Diríache que este é o modo que mellor se nos dá, xa que o empregamos para **expresar ordes**.
 - *Estuda moito!*
 - *Coma ben!*
 - *Fai a tarefa agora!*



EXERCICIOS

Exercicio 3

Subliña os verbos presentes nas seguintes oracións e **indica o modo** no que está cada un:

- Irías ao cine comigo? **Modo**



- Escóitame! **Modo**
- Oxalá estudases moito. **Modo**
- Cando cheguei, ti xa limparas todo. **Modo**
- Quizais borre esta publicación. **Modo**
- Cala dunha vez. **Modo**
- Esta noite iremos de festa. **Modo**

1.4 O aspecto

O aspecto indica se a acción expresada polo verbo xa rematou ou se está en desenvolvemento no momento en que se fala. Hai dous tipos:

- **Aspecto perfectivo.** A acción está rematada:
 - *A miña amiga Iria viaxou a París dúas veces.*
 - *Comín todo.*
- **Aspecto imperfectivo.** A acción preséntase como inacabada ou en desenvolvemento:
 - *Organizarei unha excursión para o alumnado da ESA IV.*
 - *Incluso iría con vós.*



EXERCICIOS

Exercicio 4

Subliña os verbos presentes nas seguintes oracións e indica o aspecto no que está cada un:

- Sempre fago deporte á mesma hora. **Aspecto**
- Cambiei a roupa de inverno pola de verán. **Aspecto**
- Eu xa che comentara iso. **Aspecto**
- Cociñarei mañá. **Aspecto**
- A noite pasada tan só durmimos seis horas. **Aspecto**
- Con música talvez varrería máis contenta. **Aspecto**



1.5 A voz

A voz é a que che indica quen realiza a acción do verbo e quen a recibe. Hai dous tipos:

- **Voz activa.** A estrutura do enunciado sería: quen realiza a acción + verbo + quen recibe a acción. *A nena come unha mazá.*
 - *A nena:* quen realiza a acción.
 - *Come:* verbo.
 - *A mazá:* recibe a acción do verbo.
- **Voz pasiva.** A estrutura da frase sería: quen recibe a acción + verbo + por + quen realiza a acción. *A mazá é comida pola nena.*
 - *A mazá:* quen recibe a acción.
 - *É comida:* verbo.
 - *Por a nena:* quen realiza a acción.



EXERCICIOS

Exercicio 5

Indica se os seguintes enunciados están en **voz activa** ou en **voz pasiva**:

- Eu leo un libro. **Voz**
- O libro é lido por min. **Voz**
- A cadela é paseada por Carlos. **Voz**
- Carlos pasea a cadela. **Voz**
- Os nosos exames son corrixis polos docentes. **Voz**
- A avoa chama os netos todos os días. **Voz**



1.6 As formas verbais non persoais

As **formas verbais non persoais** son, como o seu nome indica, aquelas que **non teñen persoa nin número**. Son:

- **O infinitivo.** Ten tres terminacións: **-ar** (*cantar*), **-er** (*comer*) ou **-ir** (*vivir*).
- **O xerundio.** Remata en **-ndo**: *cantando*, *comendo*, *partindo*.
- **O participio.** Acaba en **-ado** (*cantado*) ou en **-ido** (*comido*, *partido*).



EXERCICIOS

Exercicio 6

Rodea as **formas verbais non persoais** e indica o **tipo**:

- Desexo viaxar por todo o mundo. **Tipo**
- O libro que deixei na mesa xa está lido. **Tipo**
- Estiveron falando durante todo o xantar. **Tipo**
- Gústame escoitar música mentres cociño. **Tipo**
- Camiñando polo parque atopei moitas flores. **Tipo**
- Teño feito esta andaina moitas veces. **Tipo**

1.7 As conjugacións

Como xa viches no apartado anterior, os infinitivos teñen tres posibles terminacións (-ar, -er, -ir). Dependendo desas terminacións, tes as distintas conjugacións:

- **1ª conjugación.** Pertencen a esta conjugación os verbos cuxo infinitivo rematan en **-ar**: *cantar*, *bailar*, *saltar*...
- **2ª conjugación.** Pertencen a esta conjugación os verbos cuxo infinitivo rematan en **-er**: *comer*, *sorber*, *temer*...
- **3ª conjugación.** Pertencen a esta conjugación os verbos cuxo infinitivo rematan en **-ir**: *partir*, *vivir*, *escribir*...



EXERCICIOS

Exercicio 7

Clasifica os seguintes verbos na táboa **dependendo da conxugación** á que pertencen: *traballáramos, narrarás, compartisen, estudaches, nadariamos, venderedes, sintas, aprendía, escriban, abriran, correstes, sentindo.*

1ª conxugación	2ª conxugación	3ª conxugación

1.8 Constituíntes do verbo

As formas verbais teñen dous compoñentes básicos: a raíz ou lexema e a desinencia verbal:

- **Raíz** ou **lexema**. É a parte común a todas as formas verbais dun verbo: *canto, cantarás, cantei...* Ofrece **información sobre a acción do verbo**.

Para identificar a raíz ou lexema dunha forma verbal, simplemente cómpre sacarlle a terminación do seu infinitivo (-ar, -er, -ir).

- **Desinencia verbal**. É a parte que varía dunhas formas verbais a outras que pertencen ao mesmo verbo: *canto, cantarás, cantei...* Ofrece **información gramatical** como, por exemplo, o número e a persoa, o tempo, o modo ou o aspecto.



EXERCICIOS

Exercicio 8

Divide as seguintes formas verbais **segundo os seus constituíntes**:

Forma verbal	Raíz /Lexema	Desinencia verbal
--------------	--------------	-------------------



como		
falaredes		
vivisen		
saltemos		
bailaches		
merca		



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

Subliña os verbos das seguintes oracións e clasifícaos na seguinte táboa segundo a persoa e o número:

- Fostes ao parque de atraccións e eu tamén quería ir.
- As miñas amigas estudaron moito.
- Olga fixo un pastel de chocolate para todos.
- Queres croquetas ou prefires tortilla?
- Rematamos antes ca ninguén.
- Raúl e Alicia teñen 84 anos.

Número e persoa	Verbos
1ª persoa do singular	<u>quería</u>
2ª persoa do singular	<u>queres, prefires</u>
3ª persoa do singular	<u>fixo</u>
1ª persoa do plural	<u>rematamos</u>
2ª persoa do plural	<u>fostes</u>
3ª persoa do plural	<u>estudaron, teñen</u>

Exercicio 2

Subliña os verbos presentes nas seguintes oracións e indica o tempo no que está cada un:

- Mañá irei ao supermercado. **Tempo futuro.**
- Tamara e Paula van a Madrid en tren. **Tempo presente.**
- Elas escoitaron un ruído. **Tempo pasado.**
- Chegastes tarde a todas as clases do curso. **Tempo pasado.**
- Eran as 19:00h cando chegaches ti. **Tempo pasado.**



- Neste edificio **vai** calor. **Tempo presente.**

Exercicio 3

Subliña os verbos presentes nas seguintes oracións e indica o modo no que está cada un:

- **Irías** ao cine comigo? **Modo subxuntivo.**
- **Escóitame!** **Modo imperativo.**
- Oxalá **estudases** moito. **Modo subxuntivo.**
- Cando **cheguei**, ti xa **limparas** todo. **Modo indicativo.**
- Quizais **borre** esta publicación. **Modo subxuntivo.**
- **Cala** dunha vez. **Modo imperativo.**
- Esta noite **iremos** de festa. **Modo indicativo.**

Exercicio 4

Subliña os verbos presentes nas seguintes oracións e indica o aspecto no que está cada un:

- Sempre **fago** deporte á mesma hora. **Aspecto imperfectivo.**
- **Cambiei** a roupa de inverno pola de verán. **Aspecto perfectivo.**
- Eu xa che **comentara** iso. **Aspecto perfectivo.**
- **Cociñarei** mañá. **Aspecto imperfectivo.**
- A noite pasada tan só **durmimos** seis horas. **Aspecto perfectivo.**
- Con música talvez **varrería** máis contenta. **Aspecto imperfectivo.**

Exercicio 5

Indica se os seguintes enunciados están en voz activa ou en voz pasiva:

- Eu leo un libro. **Voz activa.**
- O libro é lido por min. **Voz pasiva.**
- A cadela é paseada por Carlos. **Voz pasiva.**
- Carlos pasea a cadela. **Voz activa.**



- Os nosos exames son corrixidos polos docentes. **Voz pasiva.**
- A avoa chama os netos todos os días. **Voz activa.**

Exercicio 6

Subliña as **formas verbais non persoais** e indica o **tipo**:

- Desexo **viaxar** por todo o mundo. **Infinitivo.**
- O libro que deixei na mesa xa está **lido**. **Participio.**
- Estiveron **falando** durante todo o xantar. **Xerundio.**
- Gústame **escoitar** música mentres cociño. **Infinitivo.**
- **Camiñando** polo parque atopei moitas flores. **Xerundio.**
- Teño **feito** esta andaina moitas veces. **Participio.**

Exercicio 7

Clasifica os seguintes verbos na táboa **dependendo da conxugación** á que pertencen: *traballamos, narrarás, compartisen, estudaches, nadariamos, venderedes, sintas, aprendía, escriban, abrikan, correstes, sentindo.*

1ª conxugación	2ª conxugación	3ª conxugación
Traballamos, narrarás, estudaches, nadariamos.	Venderedes, aprendía, correstes.	Compartisen, sintas, escriban, abrikan, sentindo.

Exercicio 8

Divide as seguintes formas verbais **segundo os seus constituíntes**:

Forma verbal	Raíz /Lexema	Desinencia verbal
como	com-	-o
falaredes	fal-	-arades
vivisen	viv-	-isen
saltemos	salt-	-emos



bailaches	bail-	-aches
merca	merc-	-a